



ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Luis M^a Muiños Vidueira (Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta), en sustitución, por ausencia de José A. López Rodríguez

VOCAIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dous de xuño do dous mil cinco, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Sorreira" da CMVMC de Caldelas, do concello de Pontecaldelas.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito de data 21/12/00, D. Manuel López Sánchez, presidente da comunidade de montes de Caldelas, solicita a clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Sorreira" a favor dos veciños de Caldelas, concello de Pontecaldelas.

SEGUNDO.- Con data 03/01/01, solícitase ó Servizo de Montes informe previo á incoación sobre a viabilidade que posúe a petición formulada, así como a suficiencia da planimetría. Informando con data setembro de 2002 que o monte solicitado atopase parcialmente clasificado a favor da comunidade de Laxioso.



TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 20/02/03, acorda "... incoar o expediente para a clasificación co carácter indicado do monte "Sorreira" a favor da comunidade de Caldelas do concello de Pontecaldelas da parte do monte que non se atopa previamente clasificado a favor da CMVMC de Laxioso..."

CUARTO.- Con data 20/05/04, solícitase da CMVMC de Caldelas a relación de colindantes ós efectos de certificación de asentos no Rexistro da Propiedade. Cumprimentándose con data 09/07/04.

QUINTO.- Con data 12/01/05 solícitase ó Rexistro da Propiedade de Pontecaldelas certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión cumprimentándose con data 27/01/05.

SEXTO.- Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, presentaron alegacións:

- Dña. Pilar Guzmán Barreiro, secretaria da Xunta Rectora da comunidade de Laxioso, no que manifesta que esta comunidade non ten propiedade algunha nin disfrute do monte chamado "La Sorreira".
- D. Manuel López Sánchez, presidente da comunidade de montes de Caldelas, solicitando se teña por incoado o expediente pola totalidade da superficie solicitada.

SETIMO.- Á vista dos escritos arriba indicados, a sección de topografía do Servicio de Montes, con data 31/05/05, emite o informe seguinte:

"- Que as relacións de cabidas reflectidas na "Nota interior" de data setembro de 2002, presentan un erro evidente, xa que a suma de 0,8 ha excluídas e das 5,90 clasificables, non da coma resultado as 8.7 solicitadas.

- Que non se deberon incorporalos croquis da clasificación ó plano a escala 1/10.000, realizado por esta Sección en data de xullo de 2002, por dous motivos fundamentais:

- Non se pode plasmar unha información a unha escala meirande da que se dispón no documento original. E dicir, non resulta correcto traspoñer información de unha escala 1/25.000 (carpeta-ficha) a unha escala 1/10.000 (plano da nova clasificación). E que si se fixo no seu momento, foi cun senso explicativo.

- Nos últimos tempos vimos informando dende esta Sección de que descoñecemos a situación real das clasificacións baseadas nas carpetas-fichas, o non vir acompañadas estas carpetas por planos. Lembramos unha vez máis que os croquis non son planos, e que polo tanto, non se poden superficializar, nin serven para situar axeitadamente o territorio que pretenden describir.



- *Que non somos quen de situar as clasificacións baseadas nas carpetas-ficha, non podemos asegurar tampouco, que parte dos terreos do "Monte "Sorreira" solicitadas por Caldelas, estiveran previamente clasificadas a favor de Laxioso.*

- *Novo plano da clasificación do monte "A Sobreira" coa superficie integra solicitada."*

OITAVO.- Á vista da documentación obrante no expediente, descríbese o monte do xeito seguinte:

CONCELLO: Pontecaldelas

LUGAR: Caldelas

NOME DO MONTE: "Sorreira"

Cabida: 8,68 ha

Lindes:

Norte: Monte xa clasificado da CMVMC de Caldelas e predios particulares de M^a Luz Lorenzo Amoedo, Laura Idelina Martínez Martínez, Juan Peleteiro Rial, Trinidad Cabrita Barreira, Otilia Luna Ventín, José González Rodeiro, Saladita Gómez Sánchez, Miguel Castro Suárez, José Lorenzo López e Manuel Arruti.

Sur: Estrada ó lugar de A Sorreira

Leste: Predios particulares de Evarios Rajo Barreiro, Urbano Boullosa Piñeiro, Milagros Mouta Amorío, Vicente Lois Romero. Erundina Vilas Landeiro, Celia Álvarez Barreiro e Teodoro Estévez Rodríguez

Oeste: Camiño e predios particulares de Saladita Gómez Blanco, Celia D. Castro Adán e María Angeles Ventín Varcia

Servidumes: non hai

Ocupacións: non hai

Enclavados: non hai

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*".



XUNTA DE GALICIA

XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBAL, 47 - 5.º
TELÉF.: 986 805 335 - 986 805 436
36071 - PONTEVEDRA

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais; esta segunda característica dos montes veciñais, como xa ten dito o Tribunal Supremo na sentenza do 24/04/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente e non dun pasado máis ou menos remoto.

Terceiro.- Á vista do informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais e demais documentación obrante no expediente, queda acreditado que no monte solicitado hai aproveitamento (pasto e madeira), e que este aproveitamento é realizado pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Caldelas.


En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR o monte denominado "Sorreira", a favor da CMVMC de Caldelas, do concello de Pontecaldelas de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito oitavo e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



[Handwritten signatures and initials over the stamp]




MONTE "SORREIRA"
 C.M.V.M.C. DE CALDELAS
 SUP. = 8,68 ha. Aprox.

DATA : XUÑO-2.005
 ESCALA : 1/10.000
 AUTOR : TOPOGRAFIA



TRABAJO : PLANO DE CLASIFICACIÓN DO MONTE SORREIRA
 CONCELLO : PONTE CALDELAS COMUNIDADE : CALDELAS
 PARROQUIA : PONTE CALDELAS MONTE : SORREIRA

OBSERVATIONS :
 Non se reflicten neste plano outras clasificacións existentes na zona.

Nº DA FOLLA :
 186-51
 186-61



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA



Monte de la Comunidad de Caldelas

Superficie = 8.68 Ha.

541500

542000

542500

NOTA: TODOS LOS DATOS REFERIDOS EN ESTE PLANO HAN SIDO FACILITADOS POR LA PROPIEDAD.

PLANO TOPOGRAFICO

PLANO DE DESLINDE DEL MONTE DENOMINADO "A SORREIRA", SITUADO EN LA PARROQUIA DE PUENTE CALDELAS, TERMINO MUNICIPAL DE PUENTE CALDELAS, PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

HOJA	PROPIETARIO: COMUNIDAD DE MONTES DE CALDELAS.	ESCALA = 1:2000
2	EL INGENIERO TEC. TOPOGrafo.	COLEGIADO Nº
	CURVAS DE NIVEL:	2068
	5 m	
FECHA: OCT.-00	FDO. ANTONIO CUBAS RODRIGUEZ T.L.F.S. (986) 866558-610584141-42	

IB 13077